



A Coruña, 11 de setembro de 2013

Estimado/a Director/a:

Dada a eficacia expresada na execución do Plan Director desde o curso 2007-2008, unida á demanda de actuacións solicitadas polas comunidades educativas e máis as recomendacións do Consello Nacional de Seguridade Nacional, a Secretaría de Estado de Seguridade considerou oportuno integrar todos os plans anteriores relacionados co ámbito escolar no actual "*Plan para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e máis os seus Contornos*" e darlle un carácter permanente.

Desde esta perspectiva, pónome en contacto con vostede para indicarlle que, entre outros, os obxectivos que se pretenden acadar coas actuacións recollidas neste novo Plan, son aqueles que procuran dar respostas coordinadas e eficaces en todas as cuestións relacionadas coa seguridade dos menores e mozos nos centros educativos e os seus contornos, fortalecendo a cooperación policial coas autoridades educativas; os que pretenden mellorar o coñecemento que os alumnos teñen sobre os recursos policiais; os que fomentan nos rapaces e rapazas o respecto polos dereitos fundamentais, etc.

Neste Plan Director desenvolveranse actividades relacionadas:

- Co acoso escolar nas súas diferentes formas.
- Co consumo e tráfico de estupefacientes.
- Co consumo de alcol.
- Coa violencia contra as comunidades escolares e os centros de ensinanza.
- Coas actividades de grupos ou bandas violentas de carácter xuvenil.
- Co acoso, abusos e agresións sexuais.
- Co maltrato no ámbito familiar.
- Coa violencia sobre a muller e coa discriminación por razón de sexo ou orientación sexual.
- Cos riscos asociados ao uso da internet e as novas tecnoloxías.
- Cos comportamentos racistas e xenófobos.
- Coa sensibilización das comunidades educativas sobre os perigos e ameazas relacionadas coa prostitución e coa pornografía infantil.
- Etc.



Do mesmo xeito ca nos cursos pasados, expertos das Forzas e Corpos da Seguridade do Estado, xunto coas Unidades de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación e Subdelegacións do Goberno das catro provincias galegas, en colaboración cos Servizos de Inspección educativa das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, serán os responsables da execución deste Plan permanente, que agora poñemos en marcha.

Espero que estas actuacións continúen tendo a acollida de cursos anteriores en todos os centros educativos da nosa Comunidade Autónoma.

Para facilitarlle a súa participación, pode descargar toda a documentación sobre esta actividade, no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Tamén pode obter calquera aclaración nas oficinas da Área Funcional da Alta Inspección de Educación, rúa Durán Loriga, nº 9, 5º (A Coruña), nos teléfonos 981 989 551/53/57 e no correo electrónico: educacion.acoruna@seap.minhap.es.

Atentamente,